

733 Clara



A agricultura do futuro nas túas manos

Lely Horizon

O seguinte elo no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.



Visitamos as novas instalacións de SAT Indelante (Voto, Cantabria)

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

www.lely.com

farming innovators



2 Lely Astronaut A5



Benestar animal, o grande obxectivo de SAT Indelante

Hai un ano que esta gandería cántabra abriu as súas novas instalacións, que están enfocadas ao confort dos animais. Tras varios anos visitando varias explotacións con muxido robotizado con Lely, os seus propietarios, os irmáns Francisco e Santiago del Campo, decidiron incorporar dous Lely Astronaut A5, cos que superan xa os tres muxidos de media.

TESTEMUÑOS

Santiago del Campo, Telmo Entrecañales, Félix López, Guiomar Aguilar, Alberto Iribarre, María Pascual e José Manuel Santibáñez

Lely Center Los Corrales realizou unha xornada de portas abertas en SAT Indelante (Voto, Cantabria) o 1 de setembro. O obxectivo era dar a coñecer as novas instalacións desta gandería, rexentada polos irmáns Francisco e Santiago del Campo, que destacan polo alto confort que lles ofrecen aos animais. Para a celebración da cita contaron coa colaboración das empresas Etxe Holz, Cargill, Alta Genetics e John Deere, que presentaron as súas novidades. Ao evento asistiu unha gran multitude de gandeiros, aos que acompañou María Pascual, directora xeral de Desenvolvemento Rural do Goberno de Cantabria, quen mostrou o seu asombro polo benestar que hai na granxa, “pero non só dos animais,

senón dos produtores. Nesta explotación aseguran unha produción rendible economicamente, que lles permite un día a día confortable e que o traballo sexa máis amable”. Tamén destacou a aposta que fan nesta gandería polas enerxías renovables e a eficiencia enerxética.

UN DISEÑO CON TODAS AS NOVIDADES

Ao non conseguir sacar todo o potencial xenético dos animais pola falta de benestar, os propietarios de SAT Indelante decidiron emprender o proxecto de crear de cero as instalacións e incorporar o sistema de muxido automatizado. Durante dous anos participaron en xornadas de portas abertas que organizou Lely por Cantabria e por iso apostaron por esta marca. “Á hora do deseño vimos as diferentes propostas que nos presentaron desde Lely, pero creo que esta é a máis apropiada para o que buscábamos”, indica Santiago del Campo,

un dos socios, e engade que “queriamos crear unha granxa que nos fixese estar orgullosos de vir ao noso posto de traballo”. Tamén decidiron incorporar o arrimador de comida Lely Juno e a amantadora Lely Calm.

Actualmente, manexan un total de 260 animais, dos cales moxen 120 en dous Lely Astronaut A5, aínda que puntualizan que están en crecemento e seguirán aumentando. A media de muxido achégase aos 39 kg/vaca/día e alcanzan unha media de 3,3 muxidos por vaca e día.

Nesta granxa a estrutura é cadrada, con corredores aos extremos, os robots situados na parte frontal da nave e tres fileiras de cubículos dobres. “O feito de que a nave sexa cadrada implica dúas cousas: que as vacas percorran menos metros para chegar ao robot e que as arrobadeiras descarguen menos xurro. Os animais poden acceder a calquera robot de maneira indistinta, xa que teñen unha área de contención



A gran premisa de Lely é fomentar o tráfico libre dos animais



Os gandeiros Santiago e Francisco del Campo xunto a María Pascual, directora xeral de Desenvolvemento Rural de Cantabria

conxunta”, comenta Félix López, coordinador de proxectos en Lely Center Los Corrales. Esta granxa dispón de dúas zonas completamente separadas: unha para celos con cubículos e acceso tanto a auga como ao presebe, e outra de cama quente á que se destinan vacas enfermas ou parto. Así mesmo, incorporaron un foso de tratamento para as dúas áreas de separación.

En canto ao resto do equipamento, a empresa á fronte do deseño foi Etxe Holz, con Alberto Iribarre ao cargo deste proxecto, quen apunta que o máis característico son “os cubículos flexibles, toda unha novidade. Trátase dun produto de moita calidade, onde as vacas descansan moi cómodas, sen rozamentos e permanecen moito tempo deitadas, cos beneficios que iso brinda”. Tamén incorporaron as arrobadeiras, cornadizas, bebedeiros e axustes para os robots; en definitiva, todo o equipamento da nave. Iribarre incide en que un dos fortes da empresa é que poden adaptarse a calquera sistema produtivo, neste caso aos robots de Lely: “Axustámonos perfectamente a estas máquinas, instalando portas selectoras, mangas de tratamento e todo o necesario para o seu funcionamento”.

Santiago del Campo subliña que desde o primeiro momento buscaron o benestar animal e “creo que con esta

instalación o logramos. Xente que veu visitar a granxa afirmou que parecía un hotel de 5 estrelas”.

O APOIO CONTINUADO DE LELY, UNHA PARTE FUNDAMENTAL

Lely empezou a traballar con esta granxa xa desde antes da instalación dos robots. O punto de partida foi o contacto co comercial Alberto Sánchez, quen se encargou de ofrecerlle as máquinas que máis se axustaban para as novas instalacións de SAT Indelante. Tras avaliar que proxecto encaixaba mellor nas necesidades destes gandeiros, Félix López foi o responsable de “concretar as áreas de separación, as localizacións dos robots e a coordinación con albanelería e electricidade, é dicir, controlar todos os requisitos para unha boa chegada das máquinas”, expón.

Finalmente, Guiomar Aguilar, a Farm Management Support (FMS) de Lely, deulle soporte técnico á granxa. “Neste caso axudei os gandeiros co programa informático, indicándolles como dar de alta os datos ou crear colares”, indica. Recalca que desde a firma non só instalan un robot de muxido, senón un “sistema de manexo diferente, no que todos gañan: as vacas, os propietarios e os empregados”.

CATRO FACTORES QUE FAVORECEN O TRÁFICO LIBRE

Una das premisas de Lely é contar sempre co tráfico libre, xa que “a protagonista de todo isto é a vaca”, incide Telmo Entrecanales, xerente de Lely Center Los Corrales. Entrecanales explica que hai catro factores para que funcione o tráfico libre: o nivel de enerxía que comen as vacas no presebe, se é excesivo as vacas non terán apetito e non irán ao robot en busca de penso; os niveis de lignina e de fibra non dixerible no presebe, que tamén limita a inxestión; que o robot teña un *box* confortable, onde a vaca estea libre, solta e poida interactuar coas súas compañeiras, e, finalmente, grandes avenidas diante do robot. “Esta última é fundamental para que as vacas da parte baixa da xerarquía poidan esquivar ás dominantes e acceder ao robot”, detalla.

UNHA XENÉTICA CENTRADA NA PRODUCCIÓN

Esta explotación conta con varias fillas do touro AltaHotrod, de Alta Genetics, que “creo que é o único animal que pode presumir de estar nun mesmo catálogo con fillos, netos e bisnetos, e ademais seguir producindo seme”, resalta José Manuel Santibáñez, técnico de Alta Genetics. Así mesmo, explica que este touro ofrece “moita produción, ubres excelentes, boas patas e grande estrutura”.

Santibáñez céntrase en dúas xovenecas que hai nesta gandería e que son fillas de AltaHotrod. Unha delas está cualificada con 86 puntos e de media en toda a súa lactación produciu 46,5 litros de leite. A outra leva unha media de 42,1 litros e a previsión é que produza 12.411 kg de leite en toda a lactación. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

- Lely Center Los Corrales +34 606 022 405
- Lely Center Outeiro +34 671 646 745
- Lely Center Aizoain +34 676 182 349
- Lely Center Trazo +34 685 117 350
- Lely Center Ávila +34 665 772 747
- Lely Center Vila Nova +351 227 538 339

